

Compostela, 3-1-55

Querido Seoane:

No mes pasado chegou ás minhas mans o teu album "CAMPEÑINOS". Nunca poderás maximamente a inmensa alegría que tiveren cando Domingo mo entregou. Xa o tiña contemplado dicesas de veces na casa do Paco, sempre con nova emoción. Pra che expresar con verbas o meu agradecemento, tería que saber traducir os sentimentos en palabras co-a mesma pureza con que ti os sabes traducir en liñas e cores. Ben sabos, querido amigo meu, que non teño ise don. Recibe, pois, a miña gratitude innda que seña expresada caseque en silencio. Por se tratar de un dises libros os que un normalmente non pode chegar cos medios propios, a súa posesión produxome unha mescla de alegría e de estranese, mesmo coma si non me correspondese telo. Tranquilizouse a miña conciencia ó pensar que eiquí á miña casa veñen moitos que, tamando en condicións semellantes, poderán disfrutar plenamente na súa contemplación. Moitos dos rapaces galegos que levan no peito a quentura do amor ós nosos valores espirituais, veñen adoitos cabos de min. Satisfáime moito o poderlles amostrear o teu album - i-en xeneral o que ahí facedes - como exemplo i-estímulo pra os seus esforzos arduos; Non é inte o destino máis nobre e máis auténtico do voso labor?

Xa sei que che gustou a monografía do Maside. Non deixas de llo decir a il, pois alegrarase infinito co-a tua aprobación. A tues que axiña estará lista, tamén che gustará. Estou seguro.

Mándoche inte artigos que lle entregara a Borobó pra o extraordinario de fin de ano. Como no mesmo número iba a sair a tradución do artigo de Domingo adicado a "LONXE", o meu ten caraiter máis xeneral. Sairon os dous ocupando unha mesma páxina adicada ás letras galegas na emigración. Por moitas razóns, eu quixen destacar, máis que unha obra individual, a vitalizante da cultura galega fora de Galicia. O título tan periódico do artigo é obra do Borobó. Eu puxéralle inte: "CRECIENTE AMPLITUD DE NUESTRA CULTURA", que il aproveitou pra titular a páxina. O artigo de Domingo xa o coñeces, fermoso coma un verdadeiro poema.

Os meus desexos agora ó comensar inte voso ano son de que poidamos xuntarnos todos, vos e nós, nunha gran romaría eiquí na Terra durante o ano 55.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Raimon Piñeiro